

Miguel Sande: «Hai que escoitar aos vellos»

Santiago / La Voz [CULTURA](#)

O máis recente libro do escritor e xornalista Miguel Sande, *A vida fóra*, é unha historia dun tirón e reivindicativa.

02 ago 2011.

O máis recente libro do escritor e xornalista Miguel Sande, *A vida fóra* (publicado na colección Illa Nova da editorial Galaxia), é unha historia dun tirón e reivindicativa. Pero tamén a contracorrente, cun personaxe de inspiración familiar.

-Esta é a historia de alguén que non fai outra cousa que observar?

-Xurdiu así desde o primeiro momento. Está escrita desde a perspectiva dunha observadora, unha muller vella que mira como suceden cousas comúns. É un personaxe inspirado na miña avoa, nos seus últimos anos. Ela falaba e eu escoitaba.

-Tamén é unha obra contada minuto a minuto.

-Transcorre nunha tarde e esa é outra das circunstancias dos vellos que observan. Eu quería que o tempo fose real.

-O libro tamén é unha reivindicación das persoas maiores?

-Hai que escoitar aos vellos. Eles son a maioría, pero témolos arrecunchados. Non é un texto para vellos nese sentido, pero si que é un texto que quere romper coa visión prototípica que ten a sociedade dos vellos, porque os miramos tristes ou insignificantes, pero están moi lonxe deles. A protagonista di que quere morrer, pero pinta as uñas. É unha contradición que deixa claro que son moito máis vitalistas e teñen máis enerxía do que moitas veces parece. Eles falan como se xa non houbera máis que facer, pero logo a súa actitude é moi diferente. Esa contraposición quería contala.

-Contra o final, o texto pega un xiro definitivo.

-Quería romper a historia porque creo que é unha historia escrita para sentir. Facía falta que a observación da protagonista fose explicada desde fóra e tamén para que a historia gañase emotividade explicando a verdadeira circunstancia do personaxe. En certo modo, é como cando contas o segredo de alguén, pero para facelo tes que facer un contrapunto. Por aí fago o xiro para que o lector teña a perspectiva completa. A da protagonista que conta o que mira e tamén a súa circunstancia.